

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria do 17.12.2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da *Festa Romaxe das Cruces*:

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da **Festa Romaxe das Cruces**, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de 27.07.2017
- Acordo Plenario do 02.06.2017
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Lugo do 20.02.2018
- Informe da subdirección xeral de Protección do Patrimonio Cultural do 13.11.2017

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítase este informe sobre a declaración da **Festa Romaxe das Cruces (Concello de Ribadeo)** como festa de interese turístico de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

II. Marco xurídico



1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as Festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ó maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como ós servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A afluencia de visitantes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ó informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

- **Antigüidade:** Na memoria achegada sinálase que esta celebración vén desenvolvéndose dende fai máis de douscentos anos e achega documentación relativa a celebración da festa que avala esta data así como as posteriores. A festa celébrase ininterrompidamente o luns de Pentecostés no Santuario de Nosa Señora das Virtudes na parroquia de Arante. Os documentos máis antigos que se conservan sobre o santuario son da última etapa dos Reis Católicos. Xa no 1514 existen referencias históricas da existencia do mesmo. Esta festa serve para conmemorar a vitoria dos veciños de sete parroquias dos Concellos de Ribadeo e Trabada ante o exército de Napoleón durante a Guerra da Independencia, aló polo ano 1809.
- **Singularidade:** A singularidade segundo se expón na memoria presentada baséase no feito de que se manteñen as tradicións, respéctanse os feitos orixinais da época da loita contra os franceses. Tanto os actos conmemorativos das loitas contra dos franceses da

poboación local como a cerimonia litúrxica son os que realmente lle aportan a singularidade a esta celebración.

- **Arraigamento:** Trátase dun evento cultural na que segundo a memoria destaca a participación dos veciños (asociación de veciños, agrupación cultural Francisco Lanza, ...) cada vez maior nas distintas edicións. O seu éxito vén dado, entre outras moitas cousas, porque a festa trata de implicar a todos os membros da parroquia e do Concello promovendo comunidade e veciñanza tanto nos actos litúrxicos como os festivos no entorno da capela-santuario de Nosa Señora das Virtudes, ó lado do antigo Camiño Real.
- **Accións promocionais:** Consta documentación presentada sobre as accións de promoción realizadas. Inclúense folletos turísticos, cartelería promocional, xornadas culturais, prensa escrita (El Progreso e La Voz de Galicia). Cumpren co requisito de contar cun mínimo de 10 accións promocionais nas últimas 5 edicións da festa.
- **Valor cultural:** Tal como se resalta na memoria preséntase como unha festa cultural e de marcado valor etnográfico que destaca pola súa ampla programación non só a nivel cultural senón tamén cuidando distintos aspectos festivos para a participación da veciñanza.
- **Continuidade no tempo:** Segundo se sinala na memoria, esta festa vén desenvolvéndose de maneira ininterrompida dende vai máis de douscentos anos o luns de Pentecostés e da que se achega documentación acreditativa ó respecto.

2. Criterios de valoración

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

- **A facilidade de acceso.** Ribadeo pertence a provincia de Lugo situándose no extremo noreste da dita provincia.

Esta situación xeográfica permítelle gozar de boas comunicacións, tanto por estrada coas provincias de Lugo e A Coruña, como coa limítrofe Asturias. A apertura da Autovía do Cantábrico (A8) conecta con todo o norte do Estado e a súa vez une ao norte de Galicia co resto da Comunidade na súa conexión coa A6.

En acanto ao transporte por estrada, na actualidade existen varias empresas que chegan ata Ribadeo a través de diversas rutas.

Por este concello tamén pasa a liña de ferrocarril de vía estreita Ferrol-Gijón, que conta con apeadoiros non só en Ribadeo, senón tamén en Esteiro, Os Castros e en Rinlo.

Ribadeo atópase a 98 km da cidade de Lugo, a 157 Km da Coruña e a preto de 173 Km de Santiago de Compostela. O aeroporto máis próximos son o de Asturias e o da Coruña.

Esta boa accesibilidade vese complementada coas Autovías A-8 e A-6.

Respecto á accesibilidade, e segundo a memoria presentada, a festa é accesible para persoas con mobilidade reducida, na medida e que o espazo no que se desenvolve esta (arredores da capela-santuario da Nosa Señora das Virtudes) así o permita. No lugar concreto de celebración do evento, sinala a memoria que o número de aparcadoiros é suficiente.

A estética: A contorna natural, en pleno Camiño de Santiago do Norte, así como os distintos elementos do evento (bandeiras, cruces, pendóns, o respectuoso silencio do cortexo) facilitan de xeito doado a integración na contorna. Abandeirados das distintas parroquias pasean os seus pendóns para conmemorar a vitoria dos paisanos contra as tropas napoleónicas do xeneral François Fournier na Guerra da Independencia.

Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Trátase dun evento cultural que rememora un acontecemento histórico acontecido na zona, incluíndo as distintas manifestacións relixiosas asociadas a este.

O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: Os principios desta festa parten do respecto á natureza, e moitos dos actos que compoñen o evento van dirixidos ó recordo de situacións históricas referidas a feitos que ocorreron hai máis de douscentos anos.

A calidade dos actos que configuren a celebración: Segundo se desprende da memoria, nesta festa, unífcase a devoción cristiá -ligada ó santuario- cun episodio histórico -cando os veciños da zona venceron a un destacamento de tropas napoleónicas que se dirixía a Mondoñedo-. Son en realidade os actos anteriores e os como posteriores á cerimonia relixiosa (bandeo dos pendóns) os que realmente aportan a singularidade a esta celebración. Segundo a memoria, os actos conmemorativos discorren da seguinte maneira:

Dende o amencer, os grupos folclóricos percorren os lugares da parroquia onde se celebra a festa. Os veciños das sete parroquias (Arante, Ove, Cedofeita e Cubelas do Concello de Ribadeo e Vidal, Valboa e Sante do Concello de Trabada) camiñan cara á Ponte precedidos pola cruz e o pendón da súa parroquia. Aproximadamente ó mediodía bendícense os campos e cántanse rogativas. Este ritual de bendicir os campos remóntase antes da batalla e tivo orixe a raíz dunha seca e das pregarías que os fieis fixeron á Virxe e que foron escoitadas e atendidas. Unha vez que as distintas parroquias chegan á capela, unha representación da parroquia de Ove diríxese ás persoas das outras parroquias para guialas á ermida e fanse os saúdos de rigor mediante a inclinación dos pendóns e cruces, o chamado “ritual dos pendóns e das cruces” en homenaxe á Virxe. Os portadores das cruces e pendóns colócanse uns fronte ós outros e comezan a arriar varias veces. Primeiro os pendóns, fan unha

inclinación a terra e recollen, avanza un paso para diante e repiten o mesmo tres veces e outras tantas avanzando cara atrás. Logo faise o mesmo coas cruces.

De seguido faise o “Bandeo do Pendón”. Esta cerimonia consiste en que unha persoa de xeonllos dálle sete voltas ó pendón cara un lado e outras sete cara ó outro, facendo o cambio de sentido sen deixar de xirar, e sen que a cruz que coroa o pendón chegue a rozar o chan.

Finalizado o bandeo, ten lugar unha misa e logo os romeiros acoden á festa a escoitar música tradicional e a comer.

A creatividade e innovación na celebración do evento: A singularidade de este evento podemos atopala fundamentalmente no mantemento de tradicións. O representación do evento e as formas de facer, que foron pasando de xeración en xeración, a carga simbólica do propio acto e o seu significado para os veciños.

O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes: Na memoria que se xunta indícase a oferta de establecementos (hoteis, pensións, albergues, turismo rural, apartamentos e campings). Segundo esta, dispoñen na actualidade de 1.443 prazas de aloxamento desglosadas en 673 prazas en hoteis, 260 en vivendas de uso turístico, 2018 en pensións, 179 en apartamentos turísticos 101 en establecementos de turismo rural e 12 en albergues turísticos onde se pode aloxar a unha grande cantidade de visitantes. Existe servizo de taxis e teletaxis tanto en Ribadeo como nas poboacións veciñas. Tamén se conta cun servizo de taxis turísticos que ofertan 3 distintas rutas: Ribadeo e a súa costa, Ruta do ferro e a Mariña monumental.

Existe un servizo de alugueiro de bicicletas todo-terreo. Ribadeo conta con oferta de servizo de coches sen condutor.

Habilítase un servizo de autobús turístico nos meses de verán.

No lugar concreto de celebración do evento, cóntase con aparcadoiros suficientes.

A afluencia de visitantes: Segundo se informa na memoria achegada, esta festa xunta ós veciños/as de sete parroquias para conmemorar un “acto de valentía” que tivo lugar fai máis de dous séculos nun evento de carácter colaborativo onde a poboación local é a protagonista. Non obstante, achégase a gozar da festa xente tanto do occidente asturiano como de toda a Mariña.

De feito, indícase na memoria que dende 1514 existen datos sobre a importancia deste centro mariano, sendo un santuario moi venerado e visitado polos fieis. Na actualidade, o día da celebración da festa a organización pon a disposición dos asistentes autobuses para o traslado á mesma.

Apórtanse tamén datos estatísticos recollidos pola oficina de turismo de Ribadeo na que se aprecia un pico de afluencia de chegada de viaxeiros o día de celebración da Romaxe. Os datos veñen desagregados atendendo a súa orixe na memoria que se xunta, e se refiren ás últimas edicións. Os datos de afluencia aportados non son significativos.

A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: O Concello de Ribadeo conta coa colaboración da veciñanza. Tamén temos que referir as medidas concretas de carácter organizativo que adopta o Concello en relación á ordenación do tráfico (disposición dun plan especial de tráfico: habilitación de zonas de aparcamento, regulación do tráfico rodado, accesos de vehículos e persoas, colocación de valado específico,...); a posta a disposición de medios humanos e de materiais para leva a cabo un plan específico de limpeza; a preparación da capela para acoller a un gran número de romeiros e visitantes, ampliando o número de cadeiras; a disposición dun espazo suficiente para a circulación de visitantes, así como o establecemento de medidas de prevención e evacuación se fose preciso.

Tamén se presta atención, segundo dispón a memoria, á instalación eléctrica e ó alumado apropiado para a celebración dos actos (actuacións musicais, servizos varios, etc).

Orzamentos destinados á celebración nas últimas 5 edicións: Veñen descritos e xustificados na memoria presentada xunto coa solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia os orzamentos das últimas 5 edicións.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia, propón

INFORMAR

Favorablemente a declaración como festa de Interese Turístico de Galicia o evento denominado *Romaxe das Cruces de Arante*".